

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Situación:

O IES Marco do Camballón está situado no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), na saída da vila en dirección a Lalín.

Persoal e alumnado do centro:

Conta con entre 240-250 alumnas e alumnos matriculados, 40 profesoras e profesores, unha administrativa, 3 limpadoras e 2 bedeis, 1 coidadora e 1 auxiliar de conversa.

Centros adscritos:

O centro conta con tres centros adscritos, todos do concello de Vila de Cruces, pero ubicados en diferentes núcleos de poboación: CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces), CEIP de Cerdeiriñas (Piloño) e CEIP de Merza.

Ensinanzas que oferta o centro:

O centro oferta na actualidade dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e mais Humanidades e Ciencias sociais), formación profesional básica de Servizos Administrativos, ciclo formativo de grao medio na especialidade de Soldadura e Caldeirería (2000 horas) e ciclo formativo de grao medio na especialidade Atención a persoas en situación de dependencia (2000 horas).

As materias que se imparten en cada curso en galego ou castelán están concretadas no Proxecto Lingüístico de Centro. Ademais, o centro fomenta a competencia plurilingüe do alumnado coa oferta de seccións bilingües de inglés en 1º de ESO (Educación física), 2º de ESO (Educación física e Matemáticas) e 3º de ESO (Educación física e Matemáticas).

Características singulares:

A Escola Municipal de Música conta cunha matrícula elevada debido, sobre todo, á gran tradición musical da zona, que conta con dúas bandas de música: Unión Musical de Ponteledesma e Banda Artística de Merza, sendo esta última unha das bandas populares máis antigas de Galicia.

A vila conta ademais co Club de Loita Keltói Cruces, que goza de deportistas gañadores de premios nacionais e internacionais, e mesmo agúns deses loitadores son integrantes na selección española de loita.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

Lingua materna dominante: A lingua materna dominante no centro é o galego.

Problemas sociais destacados (abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar): Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características: O alumnado de ESO e bacharelato reside, case na súa totalidade, no propio concello, pero tanto o dos ciclos como o profesorado procede de distintas partes de Galicia. Vila de Cruces é un concello extenso (28 parroquias), cunha poboación escasa e diseminada (5556 habitantes en 2015), que continúa descendendo e avellentándose (51,8 anos de idade media en 2015). O seu PIB por habitante é bastante inferior á media galega: 12714€ fronte a 19748€ (IGE, 2012).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	TANXENCIAS E ENLACES		8	14	X		
2	CURVAS TÉCNICAS		8	10	X		
3	POLÍGONOS		8	6	X		
4	DESENVOLVEMENTO HISTÓRICO		2	2	X	X	
5	PROPORCIONALIDADE, EQUIVALENCIA, SEMELLANZA		9	15	X		
6	SISTEMA DIÉDRICO		11	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	SISTEMA AXONOMÉTRICO		11	16		X	
8	SISTEMA DE PLANOS ACOTADOS		10	13		X	
9	SISTEMA CÓNICO		11	17			X
10	NORMALIZACIÓN E ESCALAS		11	15			X
11	SISTEMAS CAD		11	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	TANXENCIAS E ENLACES	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	SABER IDENTIFICAR O MÉTODO DE RESOLUCIÓN DE ENTRE OS VISTOS NA CLASE, REALIZANDO AO MENOS O PLANTEAMIENTO DO PROCESO	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Concepto de tanxencia, circunferencia que pasa por 3 puntos - Exercicios de tanxencias dado o radio da circunferencia - Exercicios de tanxencias desconocido o radio da circunferencia - Enlaces básicos e aplicacións no deseño - Curvas técnicas: óvalo, ovoide e espirais - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
2	CURVAS TÉCNICAS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	SABER IDENTIFICAR O MÉTODO DE RESOLUCIÓN DE ENTRE OS VISTOS NA CLASE, REALIZANDO AO MENOS O PLANTEAMIENTO DO PROCESO	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	POLÍGONOS	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	SABER IDENTIFICAR O MÉTODO DE RESOLUCIÓN DE ENTRE OS VISTOS NA CLASE, REALIZANDO AO MENOS O PLANTEAMIENTO DO PROCESO.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais.
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
4	DESENVOLVEMENTO HISTÓRICO	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	REALIZAR UNHA BUSCA DA INFORMACIÓN ESENCIAL, BEN RESUMIDA E AXUSTADA AOS TEMPOS DA EXPOSICIÓN, ACOMPAÑADA POR AO MENOS 3 IMAXES E CAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS COMPLETAS.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc.
- Orixe da xeometría. Tales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría.

UD	Título da UD	Duración
5	PROPORCIONALIDADE, EQUIVALENCIA, SEMELLANZA	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	SABER IDENTIFICAR O MÉTODO DE RESOLUCIÓN DE ENTRE OS VISTOS NA CLASE, REALIZANDO AO MENOS O PLANTEAMIENTO DO PROCESO.	PE	100
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
6	SISTEMA DIÉDRICO	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	REPRESENTAR PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO SISTEMA, TANTO VULGARES COMO EN POSICIÓN ESPECIALES, MARCANDO AS PROYECCIÓN E AS TRAZAS, E COÑECENDO A ORDE DE PERTENZA PUNTO-RECTA-PLANO.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da xeometría proxectiva. - Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas. - Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan.

UD	Título da UD	Duración
7	SISTEMA AXONOMÉTRICO	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	REPRESENTAR PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO SISTEMA, TANTO VULGARES COMO EN POSICIÓN ESPECIALES, MARCANDO AS PROYECCIÓN E AS TRAZAS, E COÑECENDO A ORDE DE PERTENZA PUNTO-RECTA-PLANO.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	<p>MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS.</p> <p>ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Fundamentos da xeometría proxectiva.</p> <p>- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.</p>

UD	Título da UD	Duración
8	SISTEMA DE PLANOS ACOTADOS	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	<p>REPRESENTAR PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO SISTEMA, TANTO VULGARES COMO EN POSICIÓNS ESPECIALES, MARCANDO AS PROYECCIÓNIS E AS TRAZAS, E COÑECENDO A ORDE DE PERTENZA PUNTO-RECTA-PLANO.</p>		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	<p>MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS.</p> <p>ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.</p>	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Fundamentos da xeometría proxectiva.</p> <p>- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.</p>

UD	Título da UD	Duración
9	SISTEMA CÓNICO	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	REPRESENTAR PUNTOS, RECTAS E PLANOS NO SISTEMA, TANTO VULGARES COMO EN POSICIÓNES ESPECIALES, MARCANDO AS PROYECCIONES E AS TRAZAS, E COÑECENDO A ORDE DE PERTENZA PUNTO-RECTA-PLANO.	PE	100
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fundamentos da xeometría proxectiva.
- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.

UD	Título da UD	Duración
10	NORMALIZACIÓN E ESCALAS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	SABER IDENTIFICAR O MÉTODO DE RESOLUCIÓN DE ENTRE OS VISTOS NA CLASE, REALIZANDO AO MENOS O PLANTEAMIENTO DO PROCESO.	PE	40
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	CORRECTA INTERPRETACIÓN DAS VISTAS EN OBXECTOS SINXELOS, E CORRECTA DISPOSICIÓN DAS MESMAS SEN XERAR EXCESIVAS CONFUSIÓNES NA MENSAXE.	TI	60
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	MOSTRAR CON CLARIDADE OS DIFERENTES ELEMENTOS DO EXERCICIO, NOMEÁNDOLOS E FACENDO DISTINCIÓN ENTRE OS TRAZADOS AUXILIARES E OS PRINCIPAIS. ELIXIR ADECUADAMENTE O MATERIAL DE DEBUXO, TELO EN BO ESTADO E LIMPO.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	ADQUIRIR CERTA DESTREZA NA TOMA DE DIMENSIÓNES E FORMAS ESQUEMÁTICAS.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
11	SISTEMAS CAD	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	CREACIÓN DE POLÍGONOS REGULARES E IRREGULARES, TAMÉN CIRCUNFERENCIAS. CREACIÓN DE DE PRISMAS E CILINDROS.	TI	100
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	RECREACIÓN DE PEZAS SINXELAS (POR EXEMPLO PRISMAS E PIRÁMIDES RECTOS)		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	UTILIZACIÓN DO ESBOZA NA FASE PREVIA AO DESEÑO, INTUÍNDOSE A CORRESPONDENCIA ENTRE ESBOZO E RESULTADO FINAL.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

1. Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas: Combinar traballo individual e cooperativo, e o aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas

- Uso habitual das TIC

- Papel facilitador do profesor/a

2. Estratexias metodolóxicas:

- Suscitar, na medida do posible, actividades con fins creativos.

- Manter algún elemento ou dato á libre elección do alumno.

- A interacción entre os alumnos, a fin de lograr que uns aprendan doutros, baixo a supervisión do profesorado.

- A secuenciación gradual dos contidos en función do grado de dificultade, partindo sempre dos de menor grao de dificultade e terminando cos que esixen un maior grao de atención e destreza.

- Os contidos deberán ser significativos.

- A retroalimentación do sistema, aspecto sempre a ter en conta para saber que aprenden os alumnos e en que grao o fan.

- Fuxir das clases magistrais, nas que o alumnado se convérte nun mero receptor, e fomentar a participación do alumnado.

- Resolución de problemas

- Estudo de casos (proxectos)

3. Secuenciación habitual de traballo na aula:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado

- Información complementaria para reforzo e apoio

- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de bocexos, croquis e planos acoutados.

- Análise de documentación técnica e obras de arte, deseño industrial, etc

- Resolución de problemas

- Realización de exposicións públicas

- Memorización comprensiva

Avaliación:

- Análise de producións: traballos, exercicios, proxectos, mediante rúbricas

- Exposicións orais

- Traballos individuais e en grupo

- Observación do traballo na aula

4. Agrupamentos:

Búscase unha grande interacción entre os alumnos/as e tamén ca profesora, polo que se sentarán en equipos de 3 persoas e poderán consultarse dúbidas e traballar de forma colaborativa.

O reducido número de alumnado fai que as clases sexan moi personalizadas e dinámicas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado para a explicación diaria dos procedimentos
Proxector para a visualización de exemplos e a presentación de traballos por parte do alumnado
Fichas para a elaboración de exercicios que mostren as aplicacións reais dos procedimentos estudados
Na aula dispónse de material de debuto técnico (compás, escuadro, cartabón, lapis duro) para 6 persoas, no caso de que algún alumno/a non teña
No terceiro trimestre haberá que usar a aula de informática para practicar as ferramentas CAD

O centro dispón dunha aula de plástica e debuxo técnico ampla, equipada con mesas de debuxo, e ben iluminada.

A aula está dotada cos seguintes elementos:

- 24 mesas de debuxo de 1,20x0,80m.
- 1 pizarra branca de 2,5x1,20m e una pizarra clásica, a cal será máis utilizada.
- 1 pantalla de proxección
- 1 canón de proxección
- 1 ordenador portátil
- 15 cabaletes
- 1 tórculo
- 10 tornetas para modelar
- 2 piletas con auga corrente
- 1 corcho
- 2 xogos de escadra, cartabón, regras e compás para debuxar na pizarra.

Ademais, na aula haberá sempre a disposición do alumnado material funxible: folios, material de debuxo técnico, lápices, lápices de cores, ceras, rotuladores, pegamento, pinces, témperas, acrílico, etc...

A maiores do material do centro, os alumnos deberán dispoñer de material propio: folios e utensilios de debuxo

técnico (escadra, cartabón, regra milimetrada, compás, lápices 2H e 2B, goma, etc.)

No necesitarán libro de texto.

Materiais necesarios no caso de ensinanza semipresencial e/ou non presencial: Os memos materiais que no caso da ensinanza presencial e, ademáis, un ordenador con webcam e conexión a internet.

Recursos didácticos:

- Libros de texto de debuxo técnico, de diversas editoriais.
- Paquete educativo de aplicacións GSuite: Classroom, Meet, Drive, Gmail, etc
- Diversas páxinas web de debuxo técnico.
- Programas de debuxo asistido por ordenador

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao comezar o curso académico, no mes de setembro.

Consistirá nunha proba escrita, tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares de aprendizaxe do curso anterior. A proba versará sobre os estándares de aprendizaxe contidos nos seguintes bloques:

- Bloque 3. Debuxo Técnico de EPV 3
- Bloque 2. Debuxo Técnico de EPV 4.

Hai que ter en conta que non todos os alumnos que cursen Debuxo Técnico 1 cursaron previamente EPV 4, xa que esta é unha materia optativa

A información recabada na avaliación inicial será trasladada ao titor do grupo de referencia, e este, á súa vez, informará a familia cando esta o solicite.

Os resultados teranse en conta para comezar o curso con contidos adaptados ao nivel do alumnado, de tal xeito que a aprendizaxe sexa significativa para eles.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	2	9	11	11	10	11	11
Proba escrita	100	100	100	0	100	100	100	100	100	40
Táboa de indicadores	0	0	0	100	0	0	0	0	0	60

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	100
Proba escrita	0	80
Táboa de indicadores	100	20

Criterios de cualificación:

As probas escritas e as exposicións públicas valoraránse de 0 a 10 puntos. O traballo na aula e a actitude tamén se valorará de 0 a 10 puntos, mediante unha taboa de observación diaria.

BAREMACIÓN NA AVALIACIÓN DOS CONTIDOS:

Nota de cada avaliación=(prácticas x 0,2) + (probas x 0,8)

- Actividades de aula (prácticas) e traballos para expoñer: 20% da nota de cada avaliación. A nota global das actividades de cada avaliación será a media aritmética das mesmas.

- Probas específicas: 80% da nota de cada avaliación- A nota global das probas específicas será a media aritmética das cualificacións de todas elas. Será necesario acadar, polo menos, cinco puntos na media aritmética das probas específicas para poder superar cada avaliación.

A nota final do curso será a media aritmética da nota das tres avaliacións, sempre que o alumno teña aprobadas, como mínimo, dúas e que na avaliación suspensa acadara unha cualificación mínima de tres puntos sobre dez.

Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no XADE non pode incluír decimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

Aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula: Elaborarase una lista de control na que se valorarán os seguintes indicadores:

- Capacidade de traballo individual
- Expón convenientemente os seus traballos en público
- Capacidade de traballo en grupo
- Traballa de forma ordenada, pulcra e precisa
- Trae o material necesario para o normal desenvolvemento das clases
- Coida o material e as instalacións do centro

As probas non se recuperan individualmente, senón por avaliacións. Cando na media aritmética das probas específicas de cada avaliación non se acaden os cinco puntos sobre dez esixidos, realizarase unha nova proba co contido de todo o trimestre, na que non se considerarán os traballos realizados na aula nin a actitude. Se o alumno alcanza a nota requirida, esta substituirá á anterior.

AVALIACIÓN FINAL

Deberán ir á proba final aqueles alumnos/as que suspendan dúas ou tres avaliacións, e aqueles alumnos/as que, tendo suspensa unha avaliación, obteñan unha media aritmética das tres avaliación menor que cinco puntos sobre dez..

A proba consistirá nunha proba escrita sobre todos os estándares de aprendizaxe valorados nas probas realizadas durante o curso. A proba incluírá unicamente os estándares de aprendizaxe susceptibles de valorarse mediante unha proba escrita.

O alumno deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para superar o curso. Non se considerarán as prácticas nin o traballo na aula. Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no pode incluí decimais (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior).

Criterios de recuperación:

Para recuperar a materia realizarse unha proba extraordinaria. Ao igual que na proba final da avaliación ordinaria, esta proba incluírá unicamente os estándares de aprendizaxe susceptibles de valorarse mediante unha proba escrita.

Valorarase unicamente esta proba final, e o alumno deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para superar o curso. Non se considerarán as actividades nin o traballo de aula.

Na nota final aplicarase a lei do redondeo, xa que a cualificación final do alumnado no pode incluír demáis (cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior)

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se na proba extraordinaria, o alumno non demostra a adquisición dos contidos mínimos e obtén de novo unha cualificación insuficiente, poderán darse dous casos:

a) Se o alumno non promociona de curso, deberá cursar de novo a asignatura.

b) Se o alumno promociona de curso, a asignatura de Debuxo Técnico I terá consideración de materia pendente. En tal caso, e para a superación da mesma, o alumno deberá realizar dúas probas. A primeira será no mes de xaneiro é versará sobre a metade dos contidos do curso. A segunda proba será no mes de maio. Aqueles alumnos que teñan superada a proba de xaneiro (mín. 5 puntos sobre 10) examinaranse no mes de maio da materia restante, sen embargo, aqueles que suspenderan a devandita proba deberán examinarse de toda a materia do curso. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os mesmos que se o alumno estivesse cursando o curso ordinario.

O alumno/a recuperará a materia se se da algunha das seguintes condicións:

- No caso de ter aprobado a proba de xaneiro, deberá acadar como mínimo 5 puntos (sobre 10) na media aritmética das probas de xaneiro e maio.

- No caso de ter suspendido a proba de xaneiro, deberá acadar como mínimo 5 puntos (sobre 10) na proba de maio

Se o alumno non recupera a materia no mes de maio terá dereito a presentarse a unha proba extraordinaria no mes de setembro.

A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumno que teña materias pendentes de cursos anteriores será responsabilidade do Xefe de Departamento.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumno ou alumna deberá matricularse na materia como pendente

6. Medidas de atención á diversidade

Por las características do alumnado, as adaptaciónes realizadas serán de carácter ordinario, e serán:

- adaptación dos tempos, especialmente nos traballos longos e exames, para alumnado máis minucioso ou en proceso de axilizar o trazado.
- reforzos, se é necesario, durante a hora do recreo
- deseño de actividades de reforzó e de ampliación para todas as unidades didácticas

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora				X				
ET.2 - Comunicación oral e escrita				X				
ET.3 - Comunicación audiovisual				X				
ET.4 - Competencia dixital				X				
ET.5 - Emprendemento, autonomía, iniciativa e creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Valores democráticos e xustiza	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos, rexeitamento da violencia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Rechazo ao sexismo e á discriminación LGTBIQ+	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Traballo en equipo	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.2 - Comunicación oral e escrita			
ET.3 - Comunicación audiovisual			
ET.4 - Competencia dixital			X
ET.5 - Emprendemento, autonomía, iniciativa e creatividade	X	X	X
ET.6 - Competencia emocional	X	X	X
ET.7 - Valores democráticos e xustiza	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos, rexeitamento da violencia	X	X	X
ET.9 - Rechazo ao sexismo e á discriminación LGTBIQ+	X	X	X
ET.10 - Traballo en equipo	X	X	X

Observacións:

A maioría dos diferentes valores e elementos transversais que contén o curriculum da etapa son obxecto de traballo diario ao longo de todo o curso, debido a que:

- a metodoloxía que combina diferentes formas de cooperación as cales axudan á convivencia
- que é necesario traballar con autonomía e autocrítica, así como amosar iniciativa, para levar a cabo as diferentes actividades propostas
- a expresión oral traballarase especialmente á hora de expor os traballos
- será necesario realizar búsquedas de información na rede.

Por outra banda, destinarase un tempo á lectura, segundo o plan lector do centro.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Actividade por definir	Organizaranse actividades complementarias en colaboración con outros departamentos, aproveitando as saídas para traballar contenidos de diferentes materias.

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares que se realizarán serán: saídas, visitas culturais (museos, exposicións,...), participación nas actividades programadas polo centro e outras, sempre de índole cultural.

Estas serán organizadas en coordinación coa Vicedirección do Centro e comunicadas con tempo suficiente a alumnos e pais.

Terase especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, non se programarán actividades complementarias no último mes de cada avaliación, de ser posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?
Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
Intercálase o traballo individual e en equipo?
Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe

Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?

Descrición:

A avaliación realizarase tanto de forma continua como a final de curso, utilizando escalas elaboradas cos indicadores de logro enumerados, os 12 primeiros para a avaliación do proceso de ensino, e os 12 restantes para a práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

MECANISMO DE REVISIÓN

A programación didáctica revisarase unha vez o mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.

En caso de desfase refarase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que afecten a estándares de aprendizaxe que non teñen peso na cualificación.

MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Procederáse á avaliación e posterior modificación se é o caso, da programación didáctica, en base aos seguintes indicadores de logro:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Arto 21o, 5 do D.86/15)
- 30.- Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados